

Coñecéndonos a María Gallardo

BD Relato persoal que derruba os preconceptos arredor do autismo

Pódese dicir que *María y yo* é xa a obra máis recoñecida de Miguel Gallardo, ilustrador de asentada carreira que se deu a coñecer nos anos 80 por ser un dos creadores da icona do cómic underground Makoki, á que deu vida ata mediados desa década. Unha vez abandonada a historieta de humor, Gallardo dedicouse principalmente á ilustración, onde destaca especialmente como colaborador asiduo de *La Vanguardia* e de varias editoriais españolas. Durante estes anos volveu de forma puntual ao mundo da banda deseñada, dando un xiro radical á súa traxectoria coa publicación do volume *Un largo silencio* (Glénat, 1998), onde recolle as memorias de seu pai durante a Guerra Civil.

María y yo percorre, en certa maneira, un camiño semellante ao aberto nesa obra. Trátase dun cómic de corte intimista e persoal, onde o autor se mostra ante o lector de maneira próxima, compartindo con el as vivencias que o unen á súa filla María.

María y yo

Miguel Gallardo,

María Gallardo

Astiberri, 2008

64 páx · 12 euros



María é unha nena de doce anos, sorriso contaxioso e sentido do humor especial que ten autismo, como de xeito simple e natural explica Gallardo na páxina inicial do libro. Esta sinxeleza é unha constante en todo o volume, tanto a nivel narrativo como no debuxo, que destaca polo emprego dun expresivo bitono en negro e vermello. E é tamén unha das súas grandezas. Dela emana un conmovedor relato centrado nos pequenos acontecementos cotiás que pai e filla viven durante unhas vacacións no sur de Gran Canaria. A intención do libro non é outra que aproveitar esa viaxe compartida para intentar mostrar ao lector un

anaquiño do mundo de María; axudarlle a entender a María e o autismo da mesma maneira que os debuxos de Miguel a axudan a ela a ordenar o mundo. De maneira directa, sen artificios nin sentimentalismos, Gallardo consegue introducírnos, a través duns poucos días de hotel e praia, na vida de María, nas súas relacións familiares, nos seus amigos, na cea de fin de ano... E tamén na vivencia da síndrome: a dificultade de facer calquera cousa por pequena que sexa, as olladas de incompreensión e estrañeza dos demais, as caras de asombro, de temor, de complicidade... Pero tamén, e esta é unha grande virtude do traballo de Gallardo, consegue derrubar barreiras e preconceptos que a sociedade levantou arredor do autismo. Así coñecemos unha María que rompe moitos dos mitos que temos sobre os autistas; ela non é fría nin distante, senón feliz e cariñosa. María comunícase repetindo os nomes daqueles aos que coñece, vendo unha e outra vez os debuxos de familiares e amigos que Miguel fixo para ela, empregando imaxes para ordenar o seu día a día. E todo isto chega tamén ao lector a través destas páxinas que nos deixan unha mensaxe clara: María é sinxelamente única. E ademais é quen de ensinarnos que nós tamén o somos. // **María Lado**

LA LLEGADA

LLEGAMOS DESDE BARCELONA, DONDE CAÍA UNA LLUVIA DEPRIMENTE, A ESTE PARAÍSO CON 365 DÍAS AL AÑO DE SOL GARANTIZADO.



MARÍA ESTÁ CONTENTA DE LLEGAR POR FIN Y LO DEMUESTRA A SU MANERA.



María y yo. // Miguel e María Gallardo